Ficha Sanitaria de Prevención

Actuación ante un accidente de risco biolóxico asociado a patóxenos de transmisión sanguínea

Unidade de Prevención de Riscos Laborais – EOXI A Coruña

Decembro 2015

Nº- 1-

Defínese como risco biolóxico a **posible exposición a microorganismos**, motivadas pola actividade laboral, e que poden dar lugar a enfermidades.

As enfermidades infecciosas máis importantes e que con maior frecuencia ven expostos os profesionais sanitarios son as de etioloxía vírica, sobre todo os virus da hepatite B (VHB), hepatite C (VHC) e o virus da inmunodeficiencia humana (VIH),todos Patóxenos de Transmisión Sanguínea (PTS).

En xeral, a **mellor forma de previr** a súa ocorrencia é evitar **a transmisión do axente,** sendo para iso fundamental o seguimento das **PRECAUCIÓNS ESTÁNDAR**, que reducen tanto o risco de transmisión de patóxenos sanguíneos como o asociado a outras sustancias corporais potencialmente infecciosas. Trátase dun conxunto de medidas que **deben seguirse na atención de todos os pacientes**, independentemente do seu estado infeccioso, e ten como principios.

- ***Utilización de luvas, máscaras, protección respiratoria, ocular e facial***, para protexer pel e mucosas durante procedementos que poidan xerar contacto con fluídos biólogos, salpicaduras ou nebulización dos mesmos. **Uso de batas** para protexer a contaminación da roupa e evitar a súa exposición a sangue ou fluídos corporais.

- **Lavado de mans** seguindo as recomendacións da OMS "Os 5 momentos hixiene de mans".

- ***Manexo correcto de equipos de coidado do paciente*** (punzantes con especial fincapé), lencería, enxoval, residuos etc**…**

En relación cos patóxenos de transmisión sanguínea NON TODOS OS FLUÍDOS ten risco para estes microorganismos :

Fluídos SI implicados na transmisión PTS

- **Sangue (é o principal)**
- **Soro, plasma e todos os fluídos biolóxicos visiblemente sanguinolentos**
- **Seme, secrecións vaxinais/uterinas**
- **Líquidos de cavidades internas: cefalorraquídeo, sinovial, pleural, peritoneal, pericárdico e amniótico.**
- **Mostras de laboratorio ou cultivos que conteñan concentrados de VHB, VHC, VIH**

Fluídos NON implicados na transmisión PTS

(os accidentes con eles non precisan de avaliación para profilaxe postexposición)

- ***Secrecións nasais***
- ***Bágoas***
- ***Feces***
- ***Suor***
- ***Esputos***
- ***Ouriños***
- ***Vómitos***
- ***Saliva***

Na EOXI A Coruña existe en protocolo que recolle o manexo dos Accidentes de Risco Biolóxico para os PTS

ACTUACIÓNS INICIAIS

1.- TRATAMENTO INICAL DA LESIÓN

a) Feridas en pel (picadas ou cortes):

* Lavar inmediatamente con auga e xabón
* Usar un antiséptico.
* Non usar lixivia nin cáusticos
* Non forzar o sangrado (deixar que sangue espontaneamente baixo a billa)

b) Salpicaduras en mucosas

Lavar inmediatamente con auga estéril ou soro fisiolóxico

Cambiar a roupa se está salpicada

c) Salpicadura en pel

Lavar inmediatamente con auga e xabón

Cambiar a roupa se está salpicada

2.- COÑECER SITUACIÓN SEROLOXÍA DO PACIENTE FONTE

Debe valorarse a información dispoñible ou realizar seroloxía se fose necesario. Informar o paciente do ocorrido

3.- INFORMAR O RESPONSABLE DO TRABALLADOR

- Recoméndase polo menos unha atención sanitaria, por iso é necesario avaliar a necesidade de cubrir ao traballador mentres este trasládase para recibir atención médica.
- Notificar o accidente de traballo a través do aplicativo XESDA / Parte interno de accidente.

4.- ATENCIÓN SANITARIA

Días laborables en quenda de mañá: O traballador poñerase en contacto co SM. Preventiva-Saúde Laboral. EXT 295551/295519/295528 . TLF: 981 17 82 98/ 981 178038.

En quendas de tarde e noite e non laborais: O traballador acudirá ao Servizo de Urxencias para a atención do accidente e para a valoración de PPE. O primeiro día laborable acudirá a SM. Preventiva-Saúde Laboral para proceder á notificación e seguimento se procede.

O protocolo existente recolle as actuacións derivadas en función da situación serolóxica da paciente fonte e do traballador accidentado.

En caso de ser necesario a administración de quimioprofilaxe fronte VIH a recomendación é realice nas 7 primeiras horas.